

## Primeiro de Maio, Día da Clase Traballadora

### O Profesorado no Día dos Traballadores

Os ensinantes, como traballadores por conta allea que somos, temos que reivindicar a millora das nosas condicións laborais nun tempo, como no que vivimos, no que estamos a padecer continuas presións institucionais e sociais.

Xa non podemos aceptar a consideración do docente coa aureola de misionero ou como unha opción exclusivamente vocacional. Tampouco podemos asumir a filosofía clásica do funcionariado, entendida ésta como apoio acrítico á institución escolar concebida como un dos pilares que sustenta ao Estado.

Os docentes, ao igual que o resto dos traballadores, temos unha actividade laboral que forma parte do entramado económico. O mundo da escola está relacionado co mundo do traballo: preparar á infancia e aos xóvenes para a súa incorporación ao ámbito laboral e, deste xeito, incide na formación dos futuros traballadores e, consecuentemente, no valor da mercancía que producirán.

Pero é o Estado quen decide, case unilateralmente, as características que debe ter esa preparación. Preténdese, aínda que non sempre se consiga, que tanto o alumnado como o profesorado se axuste sen friccións nen conflitos neste engranaxe.

Funcionarios ou non, o docente é un traballador máis porque: a) está privado da propiedade dos medios de produción; b) vende a súa forza de traballo por un salario, e c) está sometido a unhas relacións xerárquicas. E, aínda que contemos con algúns dos privilexios que se lle adxudican ás profe-



sións especializadas (titulacións académicas de outro nivel, certa autonomía no noso proceso de traballo, etc.), as nosas condicións laborais non son aínda as adecuadas.

Presiónasenos para que cumplamos funcións que son difíciles de aceptar. Claro que pode ser gratificante axudar a outras persoas (os escolares) a que se desenroten intelectual e psíquicamente, pero tamén se nos esixe que realicemos misións de vixilancia, control e selección dos estudantes, tarefas que non se rixen por criterios estritamente educativos.

A isto temos que engadir que, nos tempos que corren de reforma, se nos está esixindo unha formación constante e se nos fai responsables da baixa calidade do sistema educativo.

Temos que ser non só docentes, simplemente, senon docentes que investiguemos e innovemos. Pero ¿qué tipo de axudas recibimos da Administración?

Mentras que o profesorado universitario conta cun horario lectivo que lle permite simultanear a docencia coa investigación (en menor medida nas Escolas Universitarias), con apoios económicos e materiais para a realización de proxectos de investigación (aínda que sigan sendo escasos) e con posibilidades para desplazarse, como vía de formación, a outros lugares de España ou do extranxeiro, o resto dos docentes teñen un horario sobrecargado de horas lectivas, non contan nos seus centros con instalacións e materiais propios para a investigación, e nen siquera para unha boa docencia e, salvo para asistir excepcionalmente a algún curso ou congreso, non pode desplazarse durante o calendario lectivo.

Con estas condicións laborais, ¿como se lle pode pedir ao profesorado non universitario (en especial ao de EXB), a non ser invocando ao voluntarismo, que traballe colectivamente, que investigue, innove ou realice calquera actividade de formación?

Os docentes, tanto en solidariedade co resto dos traballadores como por necesidades propias, non poden deixar de reflexionar acerca da significación actual do "Día do traballo".

### A institución educativa e a clase traballadora

Toda sociedade necesita lexitimar a súa estrutura política e económica. A institución escolar é unha das formas utilizadas para tal defensa e lexitimización.

A nosa sociedade é notoriamente discriminatória, a pesar de que defende formalmente, pero non na súa práctica, unha escola baseada na igualdade de oportunidades.

A institución académica transmite valores, normas (moitas veces de dudoso valor educativo), comportamentos, coñecimentos..., pero tamén distribúe de xeito desigual o patrimonio cultural. Así como na sociedade as persoas posúen maior ou menor riqueza, da mesma maneira participan en distinta proporción do "capital" cultural. Precisamente a escola é quen se encarga desta distribución desigual e inxusta da cultura.

¿Cómo xustificar a existencia de grupos discriminados e marxidados? Non podendo recoñecer explicitamente que é o propio sistema económico quen xenera estas desigualdades, utiliza para lexitimar esta realidade, entre outros medios, as certificacións académicas, os títulos, en definitiva a institución escolar.

Para o sistema económico capitalista, sobre todo, sería unha situación inaceptable que toda a poboación escolarizada no ensino básico promo-

cionara automaticamente ao ensino secundario e deste ao universitario.

A estrutura educativa é, neste contexto, necesariamente piramidal. Utilizando diversos recursos de selección vaise deixando de lado, ao finalizar as distintas etapas, unha gran cantidade de alumnado (na actualidade, algo máis do 68% dos adolescentes de 16 anos, do Estado español, queda fora do BUP).

Son precisamente os que proceden das clases populares os que rematan por ser os "residuos" do sistema, os fracasados, os que so excepcionalmente chegan ao ensino superior.

Na táboa 1 podemos observar como a categoría correspondente a agricultores e mariñeiros constitúe o 31,3% da poboación activa en Galicia e, sin embargo, tan só o 7,7% dos universitarios galegos proceden destes grupos sociais. Esta discriminación tamén se reflexa nos obreiros: só o 19,4% dos estudantes universitarios son fillos de obreiros, a pesar de que o 40,7% da poboación activa corresponde a esta categoría laboral.

Dende esta perspectiva de análise, os "fracasados escolares" constitúen o "éxito" da institución escolar, pois fan realidade a separación dos individuos en redes educativas diferentes, componente indispensable da estrutura xerárquica e piramidal.

TABOA 1

#### PRESENCIA NA UNIVERSIDADE DE GALICIA DOS DISTINTOS SECTORES PROFESIONAIS

	Galicia * (1984)	Universidade * (1985-86)
Profesionais e técnicos .....	4,46	8,2
Funcionarios públicos superiores .....	1,8	4,7
Administrativos e trab. de serv. ....	10,7	24,8
Comerciantes e pequenos empresarios .....	6,2	22,9
Agricultores e mariñeiros .....	31,3	7,7
Obreiros .....	40,7	19,4
Forzas armadas .....	1,0	5,1
Non clasificados .....	3,9	7,1

\* Distribución da poboación activa galega (Galicia en cifras 1985).

\*\* Distribución dos universitarios galegos por categorías profesionais (Centro de Cálculo da Universidade de Santiago, 1985-86).

# Apuntes sobre ed

## Hacia un ensino crítico e participativo

O medio natural e o ambiente social deben ser convertidos en situacións de aprendizaxe.

Os coñecementos parten do que sabe o alumno e do entorno social. Así, esplicanse os feitos, establécense as causas, extráense as consecuencias e ven-se as interrelacións. Entón é cando a nena ou o neño descubren conceptos xerais, estruturas e conxeturas dos acontecementos.

Metodoloxicamente non se trata tanto de lograr un acopio de contidos e unha asimilación memorística canto de busca-lo método de traballo axeitado nun proceso esencialmente formativo.

Elo lévanos, consecuentemente, a racha-las fronteiras aula-entorno, ata agora en moitas ocasións

infranqueables, para observar, estudar, valorar, propoñer solucións..

Velaquí un exemplo de análise monográfica dun problema actual, acuciante, diario e en aumento: o dos vertedeiros incontrolados, nos que dun xeito indiscriminado se guindan desperdicios de toda caste, coas graves consecuencias que iste conleva cara o deterioro de medioambiente.

Unha vez realizadas as fichas que propoñemos cómpre ter en conta que se busca unha actitude positiva nos alumnos cara un compromiso individual e colectivo para loitar pola eliminación do vertedeiro incontrolado e a súa substitución por un sistema de tratamento de residuos sólidos urbanos limpo e eficaz.

### Un vertedeiro incontrolado

Data.....  
Localidade..... Comarca.....

★ **Situación:**

- A beira dunha estrada ou camiño
- Nunha zona boscosa  Nun parque
- Nunha praia ou areal  Xunto a un río
- Nunha rúa  Nun solar abandonado
- Outro:.....
- Observacións:.....

★ **Tipos de materiais depositados:**

- Residuos domiciliarios
- Residuos voluminosos de orixe doméstica
- Residuos comerciais  Residuos sanitarios
- Residuos de construcións e de demolicións
- Residuos industriais
- Observacións:.....

★ **Composición dos residuos depositados:**

**-Inertes:**

- Metais  Vidrios  Restos de reparacións domiciliarias
- Terra  Escorias  Cinzas
- Outros:.....

**-Fermentables (orgánicos putrecibles):**

- Pan  Pescado  Cunchas  Palla
- Restos vexetais de alimentos
- Outros:.....

**-Combustibles:**

- Cartóns  Papeis  Plásticos  Madeira
- Goma  Coiros  Textís
- Outros:.....

★ **Periodicidade dos depósitos de basuras:**

- Epoca de ano en que se depositan máis residuos:  
Primavera  Verán  Outono  Inverno
- Días da semana en que se depositan máis residuos:

Observacións:.....

★ **Causas dos depósitos de basuras:**

- Inaproveitables para a agricultura
- Falta de terreos idóneos para o seu abandono
- Inexistencia de vertedeiros controlados preto do lugar
- Traslado sistemático por parte de trans-

portistas e empresas concesionarias   
Outras:.....

★ **Lexislación básica referente ó depósito incontrolado de basuras:**

★ **Observacións:**

★ **Impactos de vertedeiro incontrolado sobre o medio ambiente:**

Sobre a paisaxe: .....

Na atmosfera .....

Nas augas superficiais: .....

Nas augas subterráneas: .....

Na flora: .....

Na fauna: .....

Na saúde humana: .....

Outros impactos: .....

★ **Valoración global dos impactos do vertedeiro incontrolado sobre o medio ambiente:**

★ **Medidas correctoras que se propoñen:**

## ¿Coñecémonos e coñe

O ser humano é eminentemente social, pertencente a unha colectividade, que está inmerso nuns condicionantes económicos, sociais, ideolóxicos, políticos, culturais e relixiosos. Pero á súa vez non deixa de influir constantemente na colectividade. Polo tanto, é un ser dinámico.

Así pois, en tanto que modificador e ordenador do espacio, o ser humano debe ser analizado tendo en conta:

- As formas de vida.
- Os xeitos de agrupamento.
- As relacións económicas, sociais e políticas.
- As inxerencias ideolóxicas.
- As expresións culturais.

Este coñecemento e simultánea valoración do

### Cue

Eu creo que:

- Coñezo a realidade inmediata que me rodea (localidade, comarca...)

- Coñezo os seguintes aspectos da realidade inmediata que me rodea:

-Os aspectos xeográficos naturais:

- Relevo .....
- Clima .....
- Hidrografía .....
- Solos .....
- Paisaxes .....

-Os aspectos económicos:

- Agricultura e ganadería .....
- Sector forestal .....
- Pesca .....
- Industria .....
- Comunicacions .....
- Sector servizos .....

-Os aspectos culturais:

- A historia .....
- A lingua .....
- A arte .....
- Os costumes e tradicións .....

-Os aspectos sociolóxicos:

- Clases sociais .....
- Institucións e asociacións .....
- (administrativas, culturais, de base, deportivas...)

-A problemática:



- Problemas de tipo socioeconómico .....
- Problemas de tipo cultural .....
- Problemas de tipo educativo .....

-Outros aspectos non recollidos na relación anterior e que reseño:

-Coñezo a utilización que se está a facer do medio natural, na zona na que vivo.....


**OBSERVACIONES** que se me ocorren á vista deste C

## GARABULLINO





## NOVAS



Nova Escola Galega e o Grupo GAIA de Educación Ambiental organiza un seminario-taller sobre "As Ideas dos estudantes como punto de partida para a elaboración dun deseño curricular en Ciencias" os días 5 e 6 de maio no Colexio Universitario de Ourense. Para inscribirse dirixirse a: Seminario de Ciencias Naturais, I. B. Otero Pedrayo, R./Padre Feijóo, 14. 32005 - Ourense.

O seminario será impartido por Aurelio Santesteban Cimarro que forma parte do Seminario Permanente de Ciencias Naturais do Programa de Formación do Profesorado da UNED.

Deseñou e desenrolou cursos de Didáctica das Ciencias Naturais en diversos Centros de Profesores e actualmente é Coordinador do Departamento de Deseño Curricular do Programa de Centros que se está a levar a cabo en Madrid (MEC).

En 1948 concedéuselle un dos premios "Giner de los Ríos" á innovación educativa polo seu traballo: "Estudio integral del Medio Ambiente".

Neste seminario-taller abordarase desde unha perspectiva constructivista a problemática das ideas

previas que os alumnos/as poseen respecto a gran parte dos conceptos científicos e a súa repercusión no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Preténdese que os profesores/as asistentes adquiren non só coñecementos teóricos sobre o tema en cuestión, senón tamén as destrezas necesarias para detecta-las concepcións dos alumnos co fin de poder planifica-lo traballo na aula partindo de ditas representacións mentais

Como mostra do interese e actualidade do tema cabe sinalar que nos novos deseños curriculares que o MEC proporá dentro do marco da Reforma Educativa mencionase o interese de adoptar unha perspectiva constructivista no ensino das Ciencias.

Intentarase pois reflexionar sobre cuestións como: -¿Qué características presentan as ideas dos alumnos?

-¿Qué estratexias se poden utilizar para que os alumnos expliciten as súas concepcións?

-¿Cómo programar o traballo na aula cando o estudante chega a clase cunhas representacións mentais previas a os conceptos que serán tratados nela?

## PROGRAMA

1. Introducción ó tema das ideas previas dos alumnos/as e as súas repercusións na ensinanza-aprendizaxe das ciencias.
2. Concepcións dos estudantes que foron detectadas na aula po-la investigación didáctica.
3. Características que presentan as concepcións persoais.
4. Formas de diagnóstico das concepcións dos alumnos/as.
  - 4.1. Tipos de técnicas empregadas.
  - 4.2. Estratexia a seguir: recollida de datos e

tratamento da información.

5. Implicacións didácticas que resultan da consideración das representacións conceptuais. As concepcións dos alumnos/as na apropiación do saber.

6. O deseño curricular dende unha perspectiva construtivista: a programación do traballo na aula partindo das ideas previas dos alumnos/as:

6.1. A introducción de conceptos científicos.

6.2. O deseño das actividades prácticas.

Presentación do libro **Juegos de Educación Ambiental**.

## TIRA

## Primeiro aniversario

Xa vai alá un ano desde que naceu este Suplemento. Un ano de esforzos, de orixinalidade e tamén de atrancos. Varias dúcias de páxinas impresas coas aportacións máis diversas, pero sempre dentro dunha liña innovadora e creativa no eido da educación e cunha atención preferente e dominante á educación galega.

Este primeiro resultado do quefacer pedagóxico ourensán de hoxe soio pode ser cabalmente entendido a partires do traballo, da vontade e da constancia dun grupo de persoas permanentemente sacrificadas, para que tal produto sexa unha realidade.

As colaboracións ocasionais, mesmo as máis meritorias, son únicamente eso: colaboracións ocasionais. Pero, si repasamos os Suplementos deste primeiro ano, en seguida veremos -ou, mellor, presentiremos- as mans ocultas dos verdadeiros autores desta páxina... Mais case sempre ocultas, que soio aparecen, de cando en vez, para perfilar tal ou cal tema, esta ou aquela reportaxe, unha nota oportuna, unha cita, un titular significativo, un asunto casi esquecido que convén recuperar, unha foto expresiva, un dibuxo, un persoaxe...

Eis a infraestrutura necesaria para un traballo divulgador periódico, eficiente, coidado. Un traballo importante que ocupa máis, moito máis que un día

da semana. Un traballo que obriga a pensar en múltiples frentes do cada día máis denso e complexo panorama educativo. Un traballo que leva ós seus autores a entrar en relación con persoas que están noutras cousas, pero que son precisas para construír esta obra.

Son moi poucos os que fan posible este Suplemento. Por eso todo é un ir e vir, encargar, pedir, perfilar, modificar, recordar, insistir e traballar... Para que hoxe, nun día coma hoxe, esta páxina poda quedar definitivamente composta, enteira, entregada, conmemorando, celebrando así o seu primeiro aniversario.

HERMINIO BARREIRO

## Rectificación

O autor do artigo "Construcción dunha maqueta tridimensional a partir dun mapa topográfico" é Casimiro Mesejo. A autora de "Percepcións e impresións nunha viaxe en avión" é Ana Eunice Mateo, alumna de 6.º de E. X. B. do C. P. de Covadonga. Ambos artigos apareceron no Suplemento **Na Escola** do pasado 19 de abril.



-Do 29 ó 31 de Marzo, celebrese no Barco a "Semana Verde" organizada polos C.P. "Otero Pedrayo", "J. Gurriarán", "Divina Pastora", "C.P. Condesa de Fenosa", coa colaboración do Club de montañismo Kirlo, Instituto de Estudios Valdeorres, S.G.H.N., ICONA, Centro de Recursos, Concello do Barco, Cine Club "Groucho Marx".

## FESTA DOS MAIOS

Mércores día 3  
de 5 a 8 do seran.

Maios  
Goplas  
Murales

Organiza:  
A. G. AVANTAR

Patrocina:  
Comision de Cultura

O Carballiño  
1989

-Na proximidade da data dos "Maíos" son moitos os colexios que preparan actividades para a su celebración. A xeito de exemplo, vede o programa do Carballiño.

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

